



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE), O COLEXIO OFICIAL DE ADMINISTRADORES DE FINCAS D GALICIA E A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE AUDITORES SOCIO-LABORAIS, PARA A PREVENCIÓN E DETECCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO NO ENTORNO VECIÑAL.

(1) A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, é o órgano da Administración autonómica que ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero

No mencionado ámbito material, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, dispón a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren.

(2) **Antecedentes:**

A Asociación Española de Auditores Socio-Laborales “CEAL” impulsou EN 2016 un protocolo pioneiro en España para a detección e apoio ás vítimas de violencia de xénero no entorno laboral, establecendo vías de comunicación coa Secretaría xeral da Igualdade, vías nas que xurde a posibilidade de traballar detección de casos de violencia de xénero no ámbito das comunidades de veciños. Dado ademais que a Asociación Española de Auditores Socio-Laborales “CEAL” mantén liñas de traballo co Colexio Oficial de Administradores de Fincas de Galicia COAFGA, e dado que este xestiona o funcionamento de máis de 500 comunidades de veciños en Galicia, aglutinando administradores de fincas das catro provincias galegas, estimouse de interese establecer un convenio de colaboración a tres bandas para a facer chegar dende a Administración pública, información sobre detección de casos de violencia de xénero nos entornos veciñais.





(3) **Finalidade** Para os efectos sinalados, con data 15 de febreiro de 2017 formalizouse co traballo co Colexio Oficial de Administradores de Fincas de Galicia e coa Asociación Española de Auditores Socio-Laborales, o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

(4) O convenio ten por obxecto establecer as bases reguladoras e as condicións que rexerán a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia e Administracións Públicas, a través da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, o Colexio Oficial de Administradores de Fincas de Galicia (COAFGA) e a Asociación Española de Auditores Socio-Laborales (CEAL), para o apoio na prevención e detección de situacións de violencia de xénero nas comunidades de propietarios e propietarias nas que estean presentes os administradores e administradoras de fincas colexiados/as por mor do seu exercicio profesional, así como na distribución e difusión do material informativo e de sensibilización a prol da eliminación da violencia contra as mulleres que se elabore conxuntamente entre as entidades e a Secretaría Xeral da Igualdade, ou que este departamento poña á súa disposición, coa finalidade de procurar a maior difusión posible da mesmo.

(5) O instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte:

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que a través da Secretaría Xeral da Igualdade ten as competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, estima oportuno asinar un convenio de colaboración co Colexio Oficial de Administradores de Fincas de Galicia (COAFGA) e coa Asociación Española de Auditores Socio-Laborales (CEAL), para o apoio na prevención e detección de situacións de violencia de xénero nas comunidades de propietarios e propietarias, ao abeiro da lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, que dispón que o Goberno da Xunta de Galicia impulsará a formalización de acordos interinstitucionais de coordinación entre as diversas instancias e administracións públicas con competencia no ámbito da violencia de xénero, que sirvan de cale de





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

Edificio Administrativo de San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
<http://igualdade.xunta.es/>



actuación e colaboración para conseguir, entre outros, no ámbito social, unha atención integral e coordinada ás mulleres que sofren violencia de xénero.

A concesión directa da subvención a través deste convenio efectúase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepciónar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é impulsar a prevención e a detección da violencia de xénero no entorno veciñal,

(6) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López de Abella

